



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Conservatorio Profesional de Música

Praza do Conservatorio, s/n 15011 A CORUÑA

Tel. 981 276 800 - Fax 981 276 767

cmus.profesional.coruna@edu.xunta.es

centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalcorunha

CONVOCATORIA DE PRAZAS DE ACCESO AO GRAO ELEMENTAL PARA ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

CMUS Profesional de Música da Coruña

O conservatorio profesional de música da Coruña é un centro que sente a preocupación pola integración social das persoas discapacitadas. Desde fai 8 anos acariñaba a idea de poñer en marcha unha iniciativa específica e pionera na nosa comunidade autónoma: achegar a vivencia e o goce da música ás persoas con discapacidade que tivesen aptitudes musicais; persoas estas que, habitualmente, non adoitan ter fácil acceso a bens culturais como é o caso da educación musical.

No conservatorio temos o pleno convencimiento de que, aínda que o grado de predisposición cara á música é diferente en cada persoa, ninguén está incapacitado para a música. Para o goce da música non existen limitacións, nin barreiras. Na súa concepción da música como medio de expresión e de comunicación, entendemos o traballo coas persoas con discapacidade como un medio de potenciar neles, tanto o seu goce persoal como a súa inserción social.

Para conseguilo, este centro puxo en funcionamento no curso 2012/13 unha aula para alumnado con necesidades educativas especiais, que é pionera na nosa comunidade autónoma e que no resto do país só realízase no conservatorio profesional de música de Torrent (Valencia) e no conservatorio de Lucena (Córdoba). Foi solicitada ás administracións educativas durante varios anos, e que por fin viu a luz coa publicación da orde do 16 de decembro de 2011 pola que se autoriza a posta en marcha, con carácter experimental, dun proxecto para a incorporación de alumnado con necesidades educativas especiais as ensinanzas elementais de música no conservatorio profesional de música da Coruña.

En dita orde autorizan a adaptación das probas de acceso para alumnado con necesidades educativas especiais.



Primeiro.- Obxecto da convocatoria . Esta convocatoria ten por obxecto promover a formación artístico-musical entre o alumnado con necesidades educativas especiais que posean aptitudes musicais.

Neste curso ofertanse 3 prazas.

Segundo.- Requisitos de participación. Poderán solicitar a súa inscrición para as probas o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Ter unha idade comprendida entre os 8 e 18 anos, cumpridos no presente ano 2014.
- b) Estar escolarizados en centros ordinarios ou de educación especial. Asimesmo, o alumnado deberá ter a autonomía suficiente para desenvolverse no centro sen a axuda do profesorado ou persoal non docente.

Terceiro.-Solicitudes.

1. Os alumnos/as que desexen participar deberán solicitalo na secretaría do Conservatorio Profesional de Música da Coruña en horario de 9:30 a 13 h.,
2. Ás solicitudes achegaráselles a seguinte documentación:
 - a) Documentación que avale as condicións de discapacidade do/a alumno/a.
 - b) Informe técnico psicopedagóxico, elaborado polo xefe/a do departamento de orientación do centro ou no seu caso equipo de orientación específico, segundo o modelo que figura no anexo desta convocatoria. Neste informe quedarán reflectidas, entre outros aspectos, as competencias curriculares que presenta o/a alumno/a, así como as adaptacións curriculares e/ou de acceso que cómpre realizar.
3. O prazo de presentación de solicitudes finaliza o día 3 de xuño.

Para máis información 981276800.

Rógase den a máxima difusión entre o alumnado do seu centro.

A Coruña, 16 de maio de 2014.

O director.

Asdo/ Jesús López Prado



ANEXO II
Informe psicopedagógico

| NOME | APELIDOS | IDADE |
|---|----------|--------|
| | | |
| CENTRO/LOCALIDADE | | CÓDIGO |
| | | |
| PROFESIONAIS QUE INTERVAÑEN | | |
| | | |
| 1. DATOS RELEVANTES DO DESENVOLVEMNTE XERAL | | |
| 1.1. EVOLUTIVO – SAÚDE. Datos relevantes que poidan incidir nas súas aprendizaxes musicais. | | |
| | | |
| 1.2. ESCOLAR. Valoración global do nivel de competencia curricular nas áreas instrumentais. | | |
| | | |
| 1.3. CAPACIDADES COGNITIVAS. Habilidades cognitivas, manipulativas, hábitos, ritmo de traballo, estratexias de comprensión, xeneralización de aprendizaxes. | | |
| | | |
| 1.4. OUTROS FACTORES | | |
| | | |
| 2. PRINCIPAIS MEDIDAS ADOPTADAS PARA A SÚA ATENCIÓN EDUCATIVA | | |
| 2.1. ADAPTACIÓN DO ACCESO AO CURRÍCULO. Materiais, recursos, organización de espazos, sistemas de comunicación, recursos persoais. | | |
| | | |
| 2.2. ADAPTACIÓNS CURRICULARES. Non significativas: metodolóxicas, avaliación; significativas: ACI. | | |
| 3. OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O CONSERVATORIO (p.ex. coñecementos musicais previos) | | |
| | | |

En A Coruña, a ____ de _____ de 2014
O/A psicopedagogo/a